

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO
REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN**

D., titular do D.N.I. nº
....., con enderezo en, tf.
....., que ocupa o cargo de, en no-
me e representación de
.....
....., con enderezo social en
....., titular do C.I.F. nº
....., tf.,

SOLICITA

A inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións do Concello de Sada, para o que achega a seguinte documentación:

- Estatutos da asociación
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e doutros Rexistros públicos.
- Fotocopia do CIF.
- Nome das persoas que ocupen os cargos directivos
- Enderezo social
- Orzamento do ano en curso
- Programa de actividades do ano en curso
- Certificación do número de socios

..... de de 2.00...

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SADA

PROCEDEMENTO:

Título III "As Asociacións Cidadás" do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Sada, aprobado polo Pleno municipal o 29/10/2003 e publicado no BOP nº 40 do 18/02/2004

REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

Art. 37:

No termo de trinta días dende a solicitude de inscrición, salvo que este se tivese que interromper pola necesidade de emendar deficiencias na documentación, o alcade/sa decretará a inscrición da entidade no Rexistro municipal de asociacións veciñais e notificaráselle esta resolución, co número de inscrición asignado. A partir deste momento considerarse de alta para todos os efectos.

Art. 38:

As Asociacións inscritas están obrigadas a notificar ao Concello calquera modificación dos datos incluídos na documentación que servise de base para a inscrición, dentro do mes seguinte ao da data en que a dita modificación se producise.

Art. 39:

Para os efectos da continuación da vixencia da inscrición, todas as entidades inscritas no Rexistro Municipal de asociacións veciñais deberán presentar anualmente ao Concello, dentro do primeiro trimestre de cada ano, unha memoria onde constará como mínimo, unha relación de actividades e dos actos realizados no transcurso do ano anterior, balance económico do exercicio, o número de asociados a día trinta e un de decembro, programa de actividades e orzamento para o ano seguinte..

Art. 40:

O incumprimento das obrigas contempladas nos artigos do presente regulamento, suporá a apertura do correspondente expediente que, previa audiencia ao interesado, poderá dar lugar á baixa da entidade ou asociación no Rexistro municipal de asociacións veciñais, e á perda dos dereitos que se deriven da dita inscrición.
